

# Avelino Pousa Antelo

## Ser galeguista en tempos difíciles

Para coñecer a Avelino Pousa Antelo hai que entrar no seu lugar de traballo. Un rápido repaso polo cuarto anuncia que estamos ante un intelectual en activo. A persoa que nos recibe presenta desculpas pola desorde. Non sabe que esta vista nos suscita unha agradable impresión. Papeis sobre a mesa e libros nos andeis, unha chisca desorganizados, apuntan a que o seu propietario os vén utilizando. Nas paredes amoréanse títulos, condecoracións, unha fotografía de grupo dos seus anos de estudante, e Castelao..., moitas imaxes de Castelao, unha persoa que, segundo el di, lle marcou a vida e orientou o rumbo da súa historia.

Texto: **Gena Borrajo**

Fotografía: **Fernando Bellas**

“A primeira vez que o escoitei, quedei abraiado”, afirma Avelino. Refírese a unha conferencia pronunciada por Castelao no Teatro Principal de Santiago. Celebrábase un mitin no que falaban os homes máis importantes do galeguismo da época: Antón Vilar Ponte, Álvaro de las Casas, Valentín Paz Andrade e Castelao. O Partido Galeguista histórico nacera no ano 1931, durante a Segunda República, por iniciativa da maioría dos intelectuais nacionalistas da época. Integrábano nomes de ideoloxías tan

**A primeira vez que  
escoitei a Castelao  
decateime de que  
acababa de atopar o  
camiño da miña vida**

dispares como Castelao, Alexandre Bóveda, Vicente Risco ou Antón Vilar Ponte. Avelino insiste en que o discurso de Castelao foi tan impresionante, que cando saíu do teatro co seu compañeiro, Francisco Ogando Vázquez, se abrazou a el e lle dixo: “Acabo de atopar o camiño da miña vida”. “Daquela, as miñas ideas xa ían nesa liña, pero alí prodúcese o verdadeiro descubrimento”. Así é como entra nas Mocidades Galeguistas. “Ao primeiro, os rapaces facíamos case de recadeiros ao servizo do partido”. “O grupo dos galeguistas reuníase no Bar Derby. Algúns mozos íamos escoitar aqueles homes que representaban a xeración máis importante de Galicia”. As ideas prendían nunha xuventude con ansias de mudar a historia, e “realmente criamos que iso estaba ao noso alcance”. Avelino adoptaría un papel activo na propaganda do Estatuto de Autonomía do 1936, pero ese mesmo ano estala o Movemento e crébanse os seus mellores soños. “Botei meses



pensando que aquilo non podía ser verdade”.

### A infancia de Lucho, o do Peto

Avelino nace o 14 de maio de 1914, na parroquia de San Xoán de Barcala, no concello da Baña, e alí pasaría a súa infancia. Di que foron anos de “gratas lembranzas”. Os seus avós maternos eran labregos da aldea de Arzón, vivían nun casarío con grande actividade e desafoxada economía, e ao que sinala como “o máis sobranceiro daquela aldeíña”. O seu pai, un comerciante de tecidos, chega un día a Barcala, coñece a única filla de Ramón, o do Peto, e casa con ela. “A min puxéronme o nome do meu pai: Avelino. Pero de pequeno chamábanme Avelucho e a xente acabou por deixalo en Lucho”. “Sempre fun Lucho, o do Peto. Ao principio pensaba que o de Peto era polo paxaro, e convertínme nun inimigo seu

## Algúns mozos iamos escoitar aqueles homes que representaban a xeración máis importante de Galicia

declarado, ata o punto de estragar algún que outro niño. Pero logo souben que o alcume llo debía ao feito de que, en tempos, houbera un peto de ánimas apegado á casa”.

Con este pseudónimo asinaba as primeiras colaboracións literarias nos anos 30. Tratábase de poemiñas que publicaba en *A Voz da Barcala*, órgano da Federación

Agropecuaria de Negreira. *A Voz da Barcala* era unha publicación quincenal que imprimía Nós no número 15 da rúa do Vilar, en Santiago de Compostela. “Nesa etapa tiña relación cun home extraordinario e amigo entrañable, Ánxel Casal. El corruxía os meus primeiros escritos e significou moito na miña vida”.

A experiencia como estudante resultou positiva. “Creo que fun bastante bo”. Estivo cinco cursos no seminario. “Mandáronme con 10 anos porque alí estaba o meu irmán maior, facendo primeiro de Teoloxía. Pero un ano despois, el deixa o seminario e o meu pai díme que o deixe eu tamén para facer o bacharelato”. Avelino négase, pois daquela parecíalle que tiña vocación. Di que rezaba todas as noites para que así fose, pero nunca chegou a ter a suficiente para continuar por ese camiño e acabou decatándose de que aquel non era o seu sitio. A pesar de todo,

# 10 eduga

non se atreve a dicirillo á súa familia ata que chega a República. Entón é cando atopa a razón perfecta. “Escribinlle a meu pai para que me sacase de alí coa excusa de que no seminario corría perigo. O meu argumento era que lle podían prender lume ao edificio... pura invención miña, pero que o meu pai tomou moi en serio, e foime buscar”.

Fóra xa do seminario, ingresa na Escola Normal e fai tres cursos por libre. Recorda que un telegrafista de Negreira lle daba clase de francés para poder aprobar a materia. “En realidade o meu punto fraco eran as Matemáticas, claro que tiña un profesor que sabía moi pouco. No último exame para facer o ingreso na escola, tanto en Ciencias como en Matemáticas, quedei en ridículo, pero en cuarto curso, conseguín o número un entre máis de 70, e tamén fun o primeiro da promoción”.

Avelino tiña sona de home sabedor entre os profesores e os compañeiros, “tamén entre as compañeiras”. Di que era moi tímido, pero que as rapazas se achegaban a el para que as axudase a preparar as leccións e os traballos. “A min aquilo encantábame, porque nese eido sentíame como peixe na auga”. “Entre os profesores, os meus mellores recordos son para Xosé Toba Fernández, un concelleiro galeguista de Santiago. Pódese dicir que aprendín del o mellor e que guiou a miña formación pedagóxica como ningún outro”.

## Nas primeiras oposicións convocadas polo franquismo suspendéronme porque un crego dixo que eu era un perigoso vermello separatista

### Unha vida repartida entre a agricultura e o ensino

As paixóns de Avelino son, por un lado, o mundo agrario e cooperativo, e por outro, a ensinanza. Dúas actividades que logrou harmonizar á perfección. Nunca viviu da agricultura, pero contribuíu a melloralala.

Como mestre comeza facendo substitucións, primeiro na parroquia de San Xoán de Barcala e despois en Camariñas. Di

que gozaba moito dando clase, pero nese momento estala a guerra e a súa vida profesional interrómtese.

Ao acabar a contenda, para exercer como mestre interino había que ter un certificado de Adhesión ao Glorioso Movemento. El tenta conseguilo en Negreira, pero a resposta é terminante: “nin o soñes!, ti es vermello!, nin sei sequera como te atreves a pedilo!” Daquela seu pai aínda tiña o comercio de tecidos. Avelino recorda que lle compraba moito a Simeón e a Riba Hermanos. Un dos Riba, don Jorge, fora alcalde, así que alá foi o pai pedirle axuda. Consegue o certificado e, grazas a el, vai para a escoliña de Xallas de Castriz, en Santa Comba. Naquel lugar sentíase como na súa casa. “Alí vivían amigos e tiña a sensación de que me atopaba entre os meus”. De alí mándano para unha aldea chamada Béxeres en Lousame. “Pregunteille a un zapateiro veciño meu, oriúndo de Noia, onde se atopaba Béjeres, que así figuraba no meu nomeamento. El respondeume que por alí non había ningunha aldea dese nome, ata que caeu na conta de que lle estaba a falar de Béxeres”.

O ataque ao idioma era atroz, algo que debeu resultar difícil para un galeguista convencido coma el, aínda que hoxe lle resta importancia. Cando se lle pregunta como viviu a situación responde “e que remedio tiñamos, senón aguantar?” Iso si, a súa escola era unha sorte de oasis no medio daquel ambiente alienante. “Unha cousa era o programa oficial, que procuraba respectar nas formas para que a Inspección non se alporizase, e outra ben diferente os valores que vivía cos rapaces na escola”. Di que sempre tiña o caderno de temas do Glorioso Movemento impecablemente presentado, e que nel escribían os alumnos máis avantaxados, pero “o día a día marchaba por outras vías”. “E sempre me funcionou ben. Tanto é así, que ata me concederon un premio”. Non chegou a exercer en Béxeres porque permutou cun compañeiro e quedou en Abegondo, onde estivo dous anos.

Estes traballos desempeñounos como mestre interino. Logo de 2 anos en Montoxo, Cedeira, fai oposicións. Preséntase ás primeiras, convocadas polo franquismo, no ano 1941 en Santiago. Sae moi contento do primeiro exame, “pero suspendéronme por intercesión dun crego que dixo que eu era un perigoso vermello separatista”. “Pódese comprender que, entón, calquera dos dous cualificativos eran suficientes para darlle a un o pasaporte”. As segundas oposicións son no ano 1944. Decátase entón de que o seu compañeiro de andanzas, Francisco Ogando,

é profesor no Instituto Feminino de Lugo, e escríbelle unha carta para que lle bote unha man e non lle volva ocorrer o mesmo que nas anteriores. El promete axudarlle e esta vez si consegue pasar o exame.

“A verdade é que o Ogando que atopei entón non tiña nada que ver co meu amigo, un argalleiro divertido ao que lle chamabamos O Cabaliño. Perdera a espontaneidade, ía de punta en branco e presentaba unha formalidade excesiva. Non era só un cambio nas formas, deime de conta tamén de que abandonara os ideais que tanto nos uniran na xuventude”. Avelino relata isto no libro de Amancio Liñares *Conversas con Avelino Pousa Antelo*. Afirmo que a Ogando non lle gustaron nada os seus comentarios. “Tamén, teño que manifestar que comigo sempre se portou ben, incluso esta vez tivo a elegancia de me dicir que non fixera falta recomendarme. Pero a amizade sufriu un arrefriamento notable”.

A partir dese momento, a traxectoria profesional de Avelino dá un xiro cara á agricultura, aínda que seguiría moi ligada á súa faceta de educador. No ano 1946, don Antonio Fernández López págalle unha bolsa na Misión Biolóxica de Galicia para prepararse e poder dirixir despois a Escola Agrícola da Granxa de Barreiros, en Sarria; unha tarefa que asumiría en 1948. Alí organizábanse cursos agropecuarios para mestres rurais, que se celebraban en Lugo. A primeira convocatoria faise en 1948 e a última en 1971, o mesmo ano do pasamento de Antonio Fernández López, encargado de financeiros.

Nesta escola agrícola, el e a súa dona dábanlles clases de balde aos alumnos máis avantaxados que non dispoñían de medios para ir estudar fóra da casa. “O único problema que tiñamos era o inglés, a miña muller aprobáralo, pero sabía tanto coma min, é dicir, nada”. Daquela Avelino descobre que a BBC fai o primeiro curso de inglés para españois “*Listen and speak*” (Escoiten e falen). E alá marcharon os dous aprender cos alumnos. “As clases comezaban ás 8 da mañá e os rapaces viñan en bicicleta dende 10 ou 12 km, de noite, cunha xeadada doente e, ás veces, con neve. Aínda así, foi unha experiencia moi gratificante, porque aqueles alumnos conseguiron estudar e superar as súas expectativas”.

E de Barreiros á Orotava (Tenerife). Corría o ano 1955. Alí traballou de mestre e técnico agrícola do Laboratorio do Cabido Insular ata 1960, ano no que volve para Galicia como técnico de SEMISA, unha empresa produtora de sementes. En 1960 marcha a Zaragoza, onde dirixiu a industria gandeira AIVESA. E xa





en 1970 retorna de novo a Galicia para exercer de profesor en Pontecesures ata a súa xubilación, no 1983.

### Pluma áxil e mirada crítica

A afección de Avelino pola escritura comeza moi cedo. Escribiu centos de artigos, a maior parte sobre agricultura e cooperativismo. Facíao case sempre en lingua galega. Ademais do publicado en *A Voz da Barcala*, escribía sobre temas pedagóxicos no xornal vigués *El Pueblo Gallego*. Tamén polos anos 60 o facía en *El Faro de Vigo*, no que tiña unha sección fixa nas páxinas de Lugo. A sección chamábase “Fiestra” e era en galego, cando a prensa toda utilizaba o castelán. Daquela viaxaba moito debido ao traballo en SEMISA. “Eu era moi afeccionado á fotografía. Nesas viaxes, cando vía algo que me chamaba a atención facía unha foto e pola noite preparaba o artigo na pensión. Foi unha etapa na que escribín moito”. Avelino ten dous premios xornalísticos: o Ramón Mourente 1961 de temas agrarios e o Sánchez Harguindey 1963, o único que organizaba *El Correo Gallego*.

A memoria deste mestre barcalés é sorprendente. Durante horas agasalounos con relatos da súa vida, adobiados con toda clase de detalles. Recordada cunha precisión

## Unha cousa era o programa oficial, que procuraba respectar nas formas, e outra ben diferente os valores que vivía cos rapaces na escola

envexable datas e nomes, inclusive das persoas que non tiveron unha relación moi estreita con el. Non quixemos despedirnos sen saber como ve el o mundo de hoxe. A súa ollada muda de escenario. Agora o centro da súa atención é a política internacional, en concreto a guerra de Irak, que considera un grande erro dos Estados Unidos e dos países que os apoiaron. Cualifícaa de “lamentable suceso e principio da actual crise económica”. Remata o seu xuízo crítico reprochándolle a Bush o feito de considerarse dono da verdade, porque, para el “non existen verdades absolutas, cada persoa ten a súa propia perspectiva e os problemas deben resolverse co diálogo.”

### Libros publicados

*Temas de Agricultura* (Lugo, Ed. propia, 1951).

*Cooperativa de Explotación comunitaria para unha parroquia rural* (Vigo, Galaxia, 1968).

*¿Valen ou non as cooperativas comunitarias para o campo galego?* (Vigo, Galaxia, 1971).

*Reforma das Estructuras Agrarias de Galicia*. (A Coruña, Club de dirigentes de Empresa, Cámara de Comercio, Industria y Navegación da Coruña, 1972).

*A Escola Agrícola de Granxa Barreiros* (Sada, A Coruña, Eds. do Castro, 1988)

*Galicia, tarefa urxente* (Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1992).

### Recoñecementos

Avelino Pousa Antelo posúe a Medalla Castelao e a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela. A Asociación de Escritores en Lingua Galega, rendeulle unha emotiva homenaxe no Museo do Pobo Galego, e é fillo adoptivo de Teo.

Actualmente é presidente de Honra do Pedrón de Ouro, vicepresidente da Fundación Wenceslao Fernández Flórez e presidente da Fundación Castelao.

